

XXV XORNADAS DE MICOLOXÍA DO COFPO, 19-24 NOVEMBRO 2018

por

N.F. ANDRÉS-RODRÍGUEZ*

Este ano celebramos as XXV Xornadas Micolóxicas do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra (COFPO) en colaboración co noso Grupo Micolóxico Galego “Luís Freire”. As Xornadas Micolóxicas do COFPO comezaron no ano 1987 e foran impartidas inicialmente polo eminente botánico e compañeiro farmacéutico de Vilagarcía de Arousa falecido en 1999: Enrique Valdés Bermejo

Tras algúns anos en que por diversas circunstancias non se puideron celebrar e a partir da creación en 1992 do Grupo Micolóxico Galego “Luís Freire” (GMG) comezou unha colaboración anual na que expertos micólogos imparten todos os outonos varias conferencias que abarcan diversos aspectos do mundo dos fungos, desde as características que permiten a súa identificación, os distintos hábitats en que se desenvolven, as precaucións ante as especies tóxicas, as súas propiedades nutritivas e aproveitamento gastronómico, as familias e xéneros máis interesantes, etc.



*Cánovas del Castillo 1, Vigo. E-36202, Pontevedra; e-mail: fandresr@redfarma.org

Membro do GMG e ex presidente do COFPO.



Fig.1. A profesora Marisa Castro durante a súa charla sobre Etimicoloxía.

Entre os recoñecidos micólogos que nos acompañaron tan só mencionaremos a quen foron os pioneiros e impulsores do estudo científico dos macromicetos en Galicia e a súa difusión seria e rigorosa entre os afeccionados que “como cogomelos” xurdiron nas últimas décadas: Luís Freire (falecido en 1997 un mes despois de dar a súa última conferencia nas Xornadas



Fig.2. Participantes na excursión micolóxica.



Fig. 3. Estudando os cogomelos recollidos.

Micolóxicas do COFPO), e Marisa Castro, profesora da Universidade de Vigo, creadores dunha escola de xoves micólogos que, desde o Laboratorio de Micoloxía, transmiten á comunidade científica mundial o coñecemento da micoloxía da nosa terra.



Fig. 4. A choiva acompañounos toda a mañá de recollida.

As Xornadas rematan cunha excursión micolóxica na que se recollen os cogomelos de diversos hábitats para a súa identificación poñendo en práctica os coñecementos adquiridos e o seu aproveitamento gastronómico polos participantes.